
	<b>CONSELLERÍA DO MAR</b> <b>XUNTA DE GALICIA</b> Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
---	--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/91-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PORTO DO SON	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PERCEBE	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ E EMBARCACIÓN	

<b>Especies</b>	Percebe ( <i>Pollicipes pollicipes</i> )
<b>Ámbito do plan</b>	De río Sieira ata punta Cabeiro
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona 1.- de Río Sieira a Pta. de Alto Lage Zona 2.- de Pta. de Alto Lage a Porcalleira Zona 3.- de Porcalleira a Pta. Magrío Zona 4.- de Pta. Magrío a Pta. Sagrada Zona 5.- Illa Filgueira Zona 6.- Illotes Os Bruyos, Leixoes e Pedra do Con

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/personas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
6	9	16
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		147										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A pé</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: embarcación</b>												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X		X	X	X	

Topes de captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé (Mariscador/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Habilitación enrolado e a bordo/día</b>
Percebe	5 kg	-	5 kg

<b>Artes a empregar</b>	Raspas e trueiros
-------------------------	-------------------

<b>Puntos de control</b>	Zonas 1 e 2: Furna de Laxe, Zona 3: Punta Castro, Zona 4: Punta Sagrada, Zonas 5 e 6: Peirao Pesqueiro de Porto do Son
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Porto do Son e Ribeira

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Épocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

#### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

**Xestión da explotación:** A extracción realízase mediante a rotación das zonas de traballo nas que se divide o ámbito do plan.

**Punto de control:** Establécense distintos puntos de control segundo a zona de traballo, aínda que non se aportan as normas de funcionamento, limitándose a especificar que os responsables son os vixiantes da confraría. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos participantes do plan.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**(\*) Vixilancia:** Os integrantes deste plan farán vixilancias, especialmente nas fins de semana, que serán organizadas mensualmente pola directiva da agrupación. A realización de vixilancias é obrigatoria para tódolos participantes deste plan, computando como días de actividade a efectos da renovación dos permisos de explotación a pé. Os responsables do control de asistencia serán os vixiantes da confraría.



**Normas do plan:** As embarcacións deben cumprir un mínimo de 10 días de venda para ser incluídas no plan do ano seguinte.

Recórdase o disposto na Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 6 de marzo de 2000 que regula a explotación de percebe: *“a renovación do permiso de explotación requirirá o cumprimento das prescricións contidas no plan de explotación específico para percebe de cada ano, o que determinará a súa inclusión ou exclusión do plan de explotación específico.”*

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Recoméndase especificar o procedemento sancionador a aplicar en caso de incumprimento das normas do plan.
- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos previstos na xestión deste plan.

(\*) Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Sistema de organización e funcionamento dos puntos de control.